

**CONCELLO
DE VIGO****PROCESO SELECTIVO CORRESPONDENTE A OEP-ESTABILIZACIÓN – CONCURSO-OPOSICIÓN – PRAZA DE OFICIAL DE DESINFECCIÓN****ANUNCIO RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS, CORRELACIÓN DE CÓDIGOS E CONVOCATORIA PROBA DE GALEGO****RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS**

O Sr. Torres Ceballos presenta doc. nº 240384383 solicitando a revisión e impugnación da valoración realizada respecto á pregunta nº 18. Concretamente solicita que se revise a decisión adoptada sobre a pregunta 18 considerando a validez da opción b). Subsidiariamente, solicita a anulación da pregunta 18 por non adecuarse claramente a un único criterio normativo.

O órgano de selección en sesión de data 17/12/2024 acordou:

Desestimar a primeira pretensión e estimar a petición subsidiaria polos seguintes motivos. Non pode manterse a pregunta b) xa que logo sería incorrecta para o suposto de un brote de lexiónela. A resposta máis axeitada para a pregunta formulada, a que garantiría a eliminación de calquera tipo de brote, non é a b), se non a c). Elo polos motivos xustificadas na sesión de data 28/11/2024 (anuncio de data 05/12/2024).

O Real Decreto 742/2013, de 27 de setembro polo que se establecen os criterios técnicos sanitarios das piscinas e o Decreto 119/2019, de 19 de setembro, polo que se regulan os criterios hixiénicos sanitarios das piscinas de Galicia, non establecen cantidades fixas en tempo determinado para a eliminación de brotes.

O órgano de selección formulou esta pregunta tendo en conta o temario que inclúe un tema de lexiónela (tema 8), pero revisado o mesmo, compróbase que o tema 5 fai referencia a outros axentes produtores de enfermidades que poderían causar outros brotes por bacterias distintas da lexiónela.

Existen protocolos de servizos públicos como o Instituto de Saúde Pública e Laboral de Navarra ou o Informe de departamentne de saúde ambiental do Concello de Madrid, que indican que ante a presenza da bacteria escherirchia coli nunha piscina pública, poden ser suficientes tempos menores de 4 hrs para súa eliminación.

Tendo en conta que xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo que establece que "*... de la misma manera que al aspirante no se le permite ningún desarrollo explicativo de las razones de su opción, también habrá de existir una inequívoca correspondencia entre la pregunta formulada y la respuesta que se declare correcta entre las distintas alternativas enunciadas; esto es, la pregunta no podrá incluir ningún elemento que permita razonablemente dudar sobre la validez de la respuesta elegida como correcta por el Tribunal Calificador...*" (entre outras **TS 1418/2016, 15 de Junio de 2016**); e dado que a pregunta 18 pode estar formulada con certa ambigüidade ao non especificar o tipo de microorganismo que causa o brote, o que pode dar lugar a dúbidas, é suficiente para que o órgano de selección acorde a anulación da pregunta.

En base ao exposto, se procede a valorar a pregunta 32 das de reserva.

Copia do documento - Concello de Vigo
43627-220

Data impresión: 18/12/2024 14:56

Páxina 1 de 2

CSV: A2AFC9-49AB82-A38AD7-TVMVTV-NWUGZ3-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A nova puntuación dos exames e a seguinte:

ID	Ben	Mal	NC	Puntuación
121241	22	8	0	22
121252	16	14	0	16
121296	22	8	0	22
121407	25	4	1	25

CORRELACIÓN DE CÓDIGOS (ID) – IDENTIDADE ASPIRANTES

NOME*	APELIDOS	CÓDIGO
M. S.	ARAUJO RODRIGUEZ	121407
J. L.	MARTINEZ CASTILLO	121252
R.	NOVO GONZALEZ	121241
V. J.	TORRES CEBALLOS	121296

CONVOCATORIA PROBA DE GALEGO

Convócase para a realización da proba de galego, ao seguinte aspirante:

V.J. TORRES CEBALLOS

A proba se realizará o **día 23 de decembro as 9:00 horas na sala OMIC sita no 2º andar do concello de Vigo.**

Na data de sinatura dixital.-

A secretaria do órgano de selección.- Beatriz Domínguez Pereira
O presidente do órgano de selección.- Secundino Otero Faílde

